

- Problema541: a) Que se entende por molecularidade?
b) Por que son moi pouco frecuentes os pasos trimoleculares?
c) Que é un intermediario nun mecanismo?

a) Que se entende por molecularidade?

É o número de moléculas que chocan en cada paso elemental. Se só participa como reactivo unha molécula o paso é unimolecular, se participan dous bimolecular e se participan tres trimolecular.

b) Por que son moi pouco frecuentes os pasos trimoleculares?

Nun paso trimolecular deben chocar tres moléculas no mesmo lugar, o cal é altamente improbable.

c) Que é un intermediario nun mecanismo?

Son substancias que aparecen e consómense nos mecanismos de reacción, pero que non se atopan entre os reactivos ou produtos da mesma.